

Concello de Outes

Expediente núm.- 380/2019

DECRETO DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL) DO CONCELLO DE OUTES

Vista a Orde do 18 de setembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019, (DOG 188, do 03.10.2019).

Vista a Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 16.12.2019, pola que se concede unha axuda de 7.342,39 € ao Concello de Outes para a contratación de un/unha AEDL a tempo completo ao abeiro da antedita axuda. Na mesma Resolución impón, entre outras condicións, que a citada contratación se realice no ano 2019.

Resultando que os artigos 14 e 15 da antedita Orde regulan os requisitos de selección e contratación dos/das AEDL entre os candidatos ofertados polo Servizo Público de Emprego de Galicia;

Polo exposto,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de Alcaldía núm. 171/2019, do 28 de xuño, e aprobar as bases que rexerán o proceso de selección e contratación de un/unha Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Outes, que se transcriben de seguido:

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

“BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL) DO CONCELLO DE OUTES

1ª) OBXECTO DA CONVOCATORIA

A contratación de un/unha Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Outes a xornada completa para realizar as funcións no artigo 3.2 da Orde do 18 de setembro da Consellería de Economía, Emprego e Industria, reguladora da convocatoria de axudas.

A duración prevista da contratación é de un ano.

2ª) REQUISITOS DOS ASPIRANTES

A) Requisitos xerais de acceso ó emprego público:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes menores de 21 anos de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Contar coa titulación esixida.

d) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias dos postos de traballo.



Concello de Outes

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia)

B) Requisitos específicos:

Os aspirantes ao posto ofertado deberán estas inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego desempregados ou coa tarxeta de mellora de emprego. Ditos aspirantes deberán ter superado con éxito os estudos de primeiro ou segundo ciclo de educación universitaria no ámbitos as CC.Sociais/Empresariais.

A tal efecto, o Concello de Outes formulará a correspondente oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia no modelo normalizado.

3ª) PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS

Os candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego presentarán exclusivamente no Rexistro Xeral do Concello de Outes ou na sede electrónica corporativa: <https://outes.sedelectronica.gal> a documentación acreditativa dos méritos para a súa valoración por parte do tribunal de selección.

4ª) PRAZO PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN FASE DE MÉRITOS.

O prazo de presentación da documentación prevista na base 3ª) rematará o vindeiro día **23 de decembro ás 14:00 horas.**

5ª) VALORACIÓN E ACREDITACIÓN DA FASE DE MÉRITOS DOS CANDIDATOS:

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (PUNTUACIÓN MÁXIMA 8 PUNTOS):

- Por cada mes traballado como AEDL en Administracións Públicas do ámbito local: 0,15 puntos.
- Por cada mes traballado como AEDL en Administracións Públicas distintas da locais: 0,10 puntos.
- Por cada mes traballado como AEDL en entidades privadas: 0,05 puntos

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, acompañada dos contratos de traballo relacionados coa mesma. No caso de acreditación de experiencia das administración públicas será válido certificado de dita administración substitutivo do contrato de traballo.

O Tribunal de selección non admitirá ningunha outra documentación distinta da descrita para a valoración da experiencia dos candidatos.

B) FORMACIÓN (PUNTUACIÓN MÁXIMA 4 PUNTOS):

- Cursos relacionados directamente coas función propios de AEDL (artigo 3.2) da Orde do 18 de setembro de 2018):
 - Cursos cun mínimo de 50 horas: 0,10 puntos
 - Cursos de 50 a 100 horas: 0,20 puntos
 - Cursos de 100 a 200 horas: 0,50 puntos.
 - Cursos de máis de 200 horas: 1 punto.
 - Curso CELGA 4 de lingua galega: 1 punto.

C) ENTREVISTA CURRICULAR (PUNTUACIÓN MÁXIMA 4 PUNTOS):

O tribunal de selección realizará unha entrevista curricular a todos os aspirantes coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo. O tribunal preguntará sobre aspectos do currículo, así como cuestións



Concello de Outes

relativas as funcións a desempeñar no posto de traballo, a súa actualización de coñecementos e o coñecemento do tecido económico e social municipio.

6ª) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello <https://outes.gal/es>, nun dos xornais de mais tirada na comarca e no taboleiro de anuncios do Concello.

A data de celebración da entrevista aos candidatos publicarase na por este mesmo medio con, alo menos, 48 horas de antelación.

7ª) TRIBUNAL CALIFICADOR

- Presidente: O técnico en promoción económica, D. Andrés Busto Allo, ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogais: O arquitecto técnico municipal Jose Maria Garcia Moas e a secretaria da Corporación, Míriam Naveira Dono, ou quen legalmente os substitúa.
- Secretaria: Berta Buján Casanova, traballadora social do Concello ou persoa que legalmente a substitúa.

O tribunal recadará o apoio da técnica de Orientación Laboral do Concello, Dª. Irene Espasandín Bermúdez.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría segunda do artigo 30 de dita norma. A estes efectos prevese un máximo de tres sesións.



8ª) Puntuación Final e Nomeamento.

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global.

En caso de empate, acudirase ós seguintes criterios:

1º: aspirante que acredite maior experiencia profesional.

2º: aspirante que acredite maior formación.

3º: aspirante con maior puntuación na entrevista.

4º.- de persistir o empate, acadará o poste quen acredite maior tempo como desempleado.

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterà os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente, proponendo a contratación daquel que tivese obtido a mellor delas.

No caso de se produciren baixas temporais ou definitivas da persoa traballadora procederase segundo o previsto no artigo 16 da Orde do 18 de setembro de 2019, reguladora da subvención concedida para antedita contratación.

9ª) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos formalizaranse por escrito cos aspirantes seleccionados no prazo máximo de cinco días desde que se publique o nomeamento e, en todo caso antes do 31 de decembro de 2019. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.



Concello de Outes

10ª) RETRIBUCIÓNS.

As retribucións son as previstas no expediente de concesión de subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria e teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias: 1.920,48 € mensuais

11ª) NORMATIVA REGULADORA.

A convocatoria réxese polas presentes bases, a Orde do 18 de setembro reguladora as axudas concedidas para a contratación, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos ás Leis 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo Real Decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

12ª) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo coa *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila n.º 1 OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten



Concello de Outes

o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.”

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

TERCEIRO.- Remitir a correspondente oferta de emprego no modelo establecido e as bases da convocatoria ó Servizo Público de Emprego para que proceda á recepción de solicitudes e remisión de candidatos

CUARTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre con posterioridade, ós efectos de ratificación.

Outes, na data que figura á marxe;

Perante min,

O Alcalde,

A Secretaria da Corporación,

D. Manuel González López.

D^a Míriam Naveira Dono.

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:





Concello de Outes

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Cod. Validación: 53HUYHXLXE6G7DXWF4PCNFHSP | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9